

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 25 de outubro de 2023 polo que se somete ao trámite de información pública o anteproxecto de modificación da rede de drenaxe na PO-223 (Pontevedra), de clave PO/23/169.02, así como a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas polo proxecto.

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 24 de outubro de 2023 realizouse a aprobación provisional do anteproxecto de modificación da rede de drenaxe na PO-223, de clave PO/23/169.02, no municipio de Pontevedra.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Que para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se someta ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas pola realización da obra correspondente, para que as persoas afectadas presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Segundo. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra) e na casa do Concello de Pontevedra.



Así mesmo, a documentación íntegra do proxecto e un extracto do documento, cos obxectivos, localización e descrición da actuación, estarán dispoñibles na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2023

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO
Relación de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas
Modificación da rede de drenaxe na PO-223, Pontevedra
Clave: PO/23/169.02

Concello de Pontevedra.

Nº	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI/NIF	Clase do solo (catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo	Exprop. (m²)	Bens afectados		
										Cantidade	Unidade	Descrición
1	36900A237001060000LL	237	20106	Fontenla Márquez, Antonia	***5219**	Agrario	S. non urbanizable común	Rural	138,00	3	ud.	Árbore ornamental/froiteira
				Rodríguez Argibay, Ángel	***3050**							
2	36900A237001050000LO	237	105	Alves Solla, Francisco (hros.)	***0481**	Agrario	S. non urbanizable común	Rural	174,00			